

## A LINGUA GALEGA NOS LIBROS DE LECTURA DA ESCOLA PRIMARIA NOS PRIMEIROS ANOS DO FRANQUISMO

Xesús Alonso Montero\*  
Universidade de Santiago  
de Compostela

### NOTA PRELIMINAR

A Guerra Civil tamén se perpetrou contra os Estatutos de Autonomía, na retórica dos sublevados, contra os separatistas, entendendo por separatistas incluso os máis moderados autonomistas. Agora ben, aínda nos días máis convulsos do 36 e do 37, as autoridades militares (non tanto os falanxistas) toleraban ou consentían declaracións en favor dun "regionalismo sano y bien entendido". Algunhas houbo na pluma de persoas de dereitas e decididamente hostís ó Frente Popular, persoas non necesariamente feixistas. É o caso, por exemplo, de Jaime Solá. Nun artigo editorial de maio de 1937, "Las lenguas vernáculos en la patria grande, que es España", declaraba:

Nosotros no escribimos en gallego. Sin embargo, nos solaza la belleza hogareña de nuestras canciones populares. Y las oiremos y las recitaremos sin que se nos ocurra pensar que con ello es posible lastimar un interés, inmediato ni remoto, de España.

Pero es que en la escuela de los últimos tiempos se había filtrado el galleguismo político, con una finalidad desintegradora. No queremos creer que en todos los casos se hubiese llegado a obrar por inspiración de Moscú. Queremos quedarnos más atrás. De todos modos, donde entrase el propósito de dividir la nación en nacionalidades, ya estaba presente la locura, criminal o necia.

Las circunstancias cambiaron. El Estado interviene, bien avisado, las escuelas. Los maestros peligrosos fueron substituidos o llamados a cordura. El separatismo fue cortado de raíz. No hay ya por qué asustarse como antes. Y lo nacional puede ser lo nacional y lo vernáculo vernáculo sin que se estorben lo uno a lo otro<sup>1</sup>.

Expresión deste "regionalismo sano y bien entendido" é o primeiro libro que imos examinar, e tamén o segundo, obra de mestres non "peligrosos".

Catedrático Emérito de Filoloxía Galega

1 *Vida Gallega*, Vigo, 687, 30-5-1937. (Recolleito en *Guerra civil (1936-1939) e Literatura galega* (ed. de X. Alonso Montero e Miro Villar), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999, pp. 27-28).

## 1. GALICIA POR LA ESPAÑA NUEVA, LUGO, 1937

Opúsculo de 52 páxinas, impreso na Tipografía de La Voz de la Verdad, pois a dereita luguesa, xa antes do 36, tiña o seu "pravda" particular. Na cuberta figura o nome da autora: E(sther) Gallo Lamas, mestra de Primeiro Ensino daquela. Anos despois, xa rexente das escolas anexas á Normal de Lugo, onde eu era profesor, tiven ocasión de coñecela, tratala e quere-la. Xa non era unha muller de dereitas e estaba moi lonxe do libriño de 1937. Esther Gallo, católica e atenta a unha certa música espiritual, creu, no 36, nas palabras proferidas polos "salvadores" da Patria, que invocaban a familia, a relixión e a espiritualidade. Estas palabras foron ben acollidas por quen, en 1936, pensaba que o destino do Frente Popular era a Revolución, a Revolución como sinónimo de ateísmo, violencia e inmoralidade.

Cando empecei a tratala, no curso 1960-61, estaba lonxe do libriño de 1937, pero seguía sendo unha muller de ben comprometida co espírito, compromiso moi pouco compatible cos afáns beocios da dereita tanto no 36 como en 1960. Nos últimos anos da súa vida era lectora devota de Andrés Torres Queiruga.

Antes de examinarmos o libro, imponse ofrecer uns datos biográficos de Esther Gallo Lamas, autora da que ninguén se ten ocupado. Mesmo o socorrido Antonio Cou-

ceiro Freijomil, no seu *Diccionario bibliográfico de escritores* (II, 1952), non lle dedica máis ca media liña: "Publicó: *Galicia por la Nueva España*" (Lugo, 1937)".

Naceu Esther Gallo na Pontenova (Lugo) no ano 1908 e faleceu en Vigo no 1990. Estudou Maxisterio en Lugo, que finalizou en 1929, e nesta provincia rexentou as dúas primeiras escolas: Santa Comba de Órrea e Doncos. Oposita, en 1933, a prazas de dez mil habitantes, e, desde esta data a 1946, exerce en Baracaldo. Desde este ano á xubilación será rexente das escolas anexas da Normal feminina de Lugo, onde o seu labor aínda é recordado con agarimo por moitas mestras que alí fixeron prácticas. En 1946 casou con Eliseo Muruais, tamén mestre<sup>2</sup>.

Que *Galicia por la España Nueva* se concibiu como libro de lectura para a escola primaria dedúcese da dedicatoria, que reproducimos, tamén por outros motivos.

A mis compañeros.

No pretendo decir nada nuevo. Sería puerilidad en mí. He puesto mis afanes en la obra modesta con una ilusión: la de que los pequeñuelos de mi Galicia lleven a la Patria chica en su alma como en un relicario que guarde dos amores: el de su "tierra meiga" y el de la nueva España, fundidos en el altar de Dios y de la Patria.

Así pois, a autora, ó publicar este libro, pensa nos seus compañeiros —os

2 Debo estes datos á súa filla María Esther Muruais Gallo, profesora de Matemáticas nun Instituto de Vigo, benquerida amiga miña.

mestres de escola— e nos seus alumnos —"los pequeñuelos de mi Galicia". Explíctase na dedicatoria, ademais do compromiso coa relixión (o "altar de Dios"), o compromiso coa Patria grande cun matiz especial, o da nova España, unha España que non exclúe —segundo ela— o amor á "Patria chica", á "terra meiga".

Hai, pois, galeguismo, un certo galeguismo "sano y bien entendido", xa adiantado, creo, no grafismo da cuberta: os bordos dun rectángulo coa bandeira española bicolor (a non republicana) e o título impreso en letras azuis, o azul —penso— da bandeira galega.

Vexamos os títulos dalgúns capítulos deste libro de lecturas: "Emigrantes", "¡Morriña!", "La gaita", "Concepción Arenal y...", "Batallón de literarios de Santiago", "María Pita", "Lugo", "Pontevedra"... Raro é o capítulo no que non se faga referencia á nova situación política. Falando da ilustre penalista de Ferrol, asevera: "En la guerra actual contra el comunismo ruso, las mujeres gallegas sintieron en su alma aletear el espíritu gigante de Concepción Arenal" (p. 29). Ó trazar a semblanza de María Pita, imaxina: "Al frente de las legiones de Galicia iría la mayor Fernández da Cámara Pita, imponente, terrible..." (p. 33).

Nun libro no que se gaban algunhas personalidades galegas (Méndez Núñez, María Pita...) hai dous capítulos obrigados: os dedicados a Francisco Franco e a Calvo Sotelo. O capítulo sobre Calvo Sotelo ("El mártir") é un dos primeiros, e o de Franco, con fotografía tamén, pecha o volume. Trátase, neste caso, dun longo

poema de Francisca Herrera Garrido titulado "Al Excmo. e Ilmo. General D. Francisco Franco Bahamonde, gloria de su siglo y honor y admiración de los siglos venideros".

Vexamos xa cales son as páxinas en galego desta colectánea.

I. "O nome de Galicia", poema de V. Lamas Carbajal (*sic*).

Esther Gallo, deste poema do "Ramiño segundo" de *Espiñas, follas e frores* (1876), só ofrece 32 dos 64 versos de que consta. As supresións, sinaladas con raia horizontal, non responden a ningún criterio de autocensura ideolóxica (pp. 7-8).

II. O capítulo "Emigrantes" finaliza con 20 versos de Lamas Carvajal, un dos fragmentos do poema "Queixas" (do "Ramiño primeiro" de *Espiñas, follas e frores*, 1874). Son versos disuasivos:

e mellor fame n-aldea  
que fartura nese lar:  
[...]  
¡Ai, Bos Aires, unha cova  
é pr'a nosa moxeda!"

III. O capítulo "¡Morriña!" finaliza cuns versos de "Airifios, airifios, aires", de Rosalía de Castro (*Cantares gallegos*, 1863). Só reproduce 16 dos 26 versos do fragmento final.

IV. O capítulo "Ayer y hoy" encabézao coa cántiga "Castellanos de Castilla".

V. O capítulo "María Pita" finalízao co soneto de Lamas Carvajal así titulado (1874).

VI. O capítulo "La sombra de Méndez Núñez" finaliza co soneto de Lamas Carvajal sobre o ilustre mariño (1876).

É bastante escasa a presenza da lingua galega neste pequeno volume escolar. Os textos galegos, polo seu contido, nunca son conflitivos para o pensamento oficial. A compiladora e os textos cumpren de cheo o establecido por Jaime Solá no artigo estritamente contemporáneo xa citado: "En una escuela a cargo de un maestro, sin tacha en el exaltado amor a España, las lenguas vernáculos pueden ser un amigo de la cultura y un educador de los sentimientos, y nunca un enemigo de la patria grande".

Cómpre sinalar que o "galeguismo" de Esther Gallo Lamas é sincero, honrado, como honrada é a súa determinación de amosalo nas páxinas deste libro de 1937, un tempo no que outros profesores, aínda crendo nesta pedagogía, omitían ese tipo de manifestacións. Así aconteceu, anos e anos, no primeiro franquismo, agás, en certo modo, nun libro de 1942 que imos examinar.

## 2. ANAQUIÑOS. LECTURAS GALLEGAS, BARCELONA, 1942

Este é o ano da primeira edición; a segunda, que é unha reimpresión, data de 1950. Ambas as dúas foron publicadas en Barcelona na Editorial Miguel A. Salvatella. Nunha e noutra edición figura o "Nihil obstat" do bispo da diócese, ademais de consignaren os editores "Libro escolar aprobado por la Autoridad". Así pois, estamos ante un libro que circulaba, na estreitura daquela España, con todos os requisitos da Lei (da eclesiástica e da civil).

Non temos outros datos do autor: M(anuel) Fernández Novoa. Que eu saiba, só figura nun inventario bibliográfico, o *Diccionario* de Antonio Couceiro Freijomil, que lle dedica liña e media: "Fernández Novoa, Manuel.— Publicó: *Anaquinos. Lecturas gallegas* (Barcelona, 1942)".

Sorprende tanto laconismo nun erudito tan versado en bibliografía galega, que, alén diso, era inspector de Primeiro Ensino. Nin sequera cita a segunda edición, de 1950.

En xaneiro do 2000, "farto" eu de indagar, publiqué un artigo, con título de reclamo, que finalizaba deste xeito: "Pese a que o seu libro debería ser unha peza cobizosa para sociolingüistas e pedagogos, de M(anuel) Fernández Novoa ningún se ten ocupado entre nós. Quizais o autor aínda vive. Se é así, ¿lulo?, e, se non é así, non debería ser moi difícil chegar ós herdeiros, ós compañeiros de profesión ou ós discípulos"<sup>3</sup>.

Esta especie de chamamento tivo un éxito moi cativo. Días despois de publicado, chamoume o xornalista de *La Voz de Galicia* Nacho Mirás Fole, quen me asegurou que o seu pai, José Mirás Domínguez, fora alumno de Fernández Novoa nunha escola pública do Calvario (Vigo). Pasou o tempo e nunha ocasión falei con Luís Viñas Cortegoso, inspector de Primeiro Ensino (xubilado), que admitiu non coñecer a Fernández Novoa, pero que recomendaba, sempre que podía, o seu libro. Lémbrese que Viñas Cortegoso era galeguista.

3 "M. Fernández Novoa, ¿lulo?", *La Voz de Galicia*, 21-1-2000.

Hoxe (16 de febreiro do 2004) pónome en contacto con José Mirás Domínguez, entrevista na que me confirma que don Manuel Fernández Novoa fora o seu mestre na escola pública da rúa Dr. Carracido (O Calvario). Foi no tres ou catro anos (1950 a 1953 ou 1954). Saquei a conclusión de que era un profesor bastante tradicional e non moi entregado. Era —cómpre telo en conta— un tempo de escolas con moitos e heteroxéneos alumnos, e non poucos mestres necesitaban traballo fóra das aulas oficiais. Manuel Fernández impartía clases, tamén, na Academia Victoria, quizais de idiomas, pois —comunicame José Mirás— "seica sabía catro linguas". O señor Mirás non lembra que, nalgunha ocasión, o profesor, na clase, lese para os alumnos páxinas de *Anaquiños*, nin galegas nin castelás. Recordar, si, que, cando os alumnos da escola sabían ler, indicáballes que adquirisen ("na librería Graña") o seu libro.

Días despois da miña entrevista, Modesto Hermida García, inspector de Ensino Secundario, proporcionoume datos valiosos sobre o currículo profesional de Fernández Novoa, datos que arrecadou nos arquivos da Inspección de Pontevedra<sup>4</sup>. Naceu Manuel Fernández Novoa en Vigo o 25 de novembro de 1908, estudou Maxisterio en Pontevedra e obtivo o título profesional o 26 de outubro de 1927. En 1930 consegue o seu primeiro destino, como mestre, en Cristiñade (Pontearreas), e, en maio de 1934, é trasladado á escola número 2 de Lavadores (que, daquela, era concello autónomo, non pertencía ó de Vigo),

e alí continuou bastantes anos, ata 1968, data na que foi destinado ó colexio Fleming, onde se xubilou en 1975 (anticipadamente, por razóns de saúde). Non consta no seu expediente ningunha sanción ou indicación que nos faga pensar que era persoa non afectada á Sublevación de 1936. Ferido na Guerra Civil, foi mutilado de guerra. Faleceu en Vigo o 16 de febreiro de 1984<sup>5</sup>.

*Anaquiños. Lecturas gallegas* ábrese cun breve capítulo, "Umbral", no que o autor fai unhas elementais —e inevitables— observacións pedagóxicas referidas á necesidade de achegar á "bibliografía infantil un libro de lecturas en que palpite a atmósfera física y espiritual de su medio", razón pola cal el compuxo "este librito" co desexo de que "fuese espejo, síntesis de lo más notable de la región".

Contén *Anaquiños*, nas súas 124 páxinas (con ilustracións), case cen capítulos sobre temas moi distintos: cidades e vilas ("La Coruña, El Ferrol del Caudillo, Lugo, Carballino, Mondariz..."), ríos (Miño, Tambre...), terras e lugares notorios ("El Ribero, Finisterre, La Toja..."), produción ("vinos, oro, tabaco, prados..."), personalidades (María Pita, Pastor Díaz, Padre Feijoo...), vestimenta típica (coroza), etc.

A presenza do idioma galego é pequena pero dista de ser desdeñable no ano 1942 (e aínda no 1950). Velaquí a relación completa dos textos:

I. O capítulo primeiro, titulado "Rosalía de Castro", contén, como apéndice, dous poemas da grande escritora: un en

4 Agradezo a indagación de Modesto Hermida, que eu lle solicitara semanas antes.

5 Dato que lle debo ó seu sobriño Fausto Fernández Álvarez. A el lle debo tamén o dato de que Fernández Novoa foi mutilado de guerra. Na cuestión dos idiomas precisa: "sabía moi ben o francés e o inglés, bastante alemán e moito latín".

castelán, "Los robles" (só un fragmento) e "¡Calade!" (de *Follas novas*, 1880).

II. "Xoquín e Pepiño".

Relato en prosa, quizais inspirado nun conto popular.

III. Curros Enríquez, "¡Ai!..." (de *Aires da miña terra*, 1880).

O famoso poema figura como apén-dice do capítulo dedicado ó poeta de Cevalanova, que Fernández Novoa valora nestes termos: "Decir que es el poeta más grande que ha producido la tierra gallega no es exagerar. Es decir escuetamente la verdad". Finaliza a semblanza cos catro primeiros versos da "Cántiga".

IV. V. Lamas Carvajal, "As campanas d'Amiudal" (d'*A musa das aldeas*, 1890).

Dos 102 versos, reproduce, ademais da copla popular que o encabeza, 34.

V. Eduardo Pondal, "Himno gallego".

Trátase, en efecto, do poema "Os pinos", texto literario, como é ben sabido, do Himno de Galicia, hoxe oficial e, daquela (¡1942!), versos que ninguén se atrevía a cantar en público. Só se reproducen as catro primeiras estrofas (o Himno oficial de hoxe), unha das cales, a cuarta, contén dous elementos moi desacougantes para a época: que Galicia non debe esquecer o rudo encono da inxuria e que Galicia (o Fogar de Breogán) debe espertar do seu sono. ¿Farían preguntas sobre estas cuestións os alumnos do señor Fernández Novoa?

Non faltan neste libro —non podían faltar— dous capítulos nos que todos, sen excepción, pensamos: un dedicado a

Franco e o outro a Calvo Sotelo. Os diti-rambos son os propios da retórica da época. Non podían ser inferiores.

Hai en *Anaquiños* un breve capítulo dedicado ós cruceiros ("Los cruceiros") no que sorprenden as liñas finais:

En la región de Bretaña (Francia) se encuentran, como en Galicia, innumerables cruceiros.

El gran caricaturista gallego, Castelao, ha dado a la publicidad una obra sobre los mismos.

Refírese, sen dúbida, ó libro publicado polo Seminario de Estudos Galegos *As cruces de pedra na Bretaña*, de 1930. ¿Non era arriscado citar a Castelao en 1942, naquela España que aínda cría no triunfo das armas nazis? En realidade, creo que se trata dunha mención inocente, allea a calquera intención política.

Creo que Fernández Novoa non era, en 1942, un galeguista que disimulase a súa simpatía con calquera forma de galeguismo político ou reivindicativo, pero era un galego non insensible a certas realidades do seu país, sen excluír a lingua galega e a personalidade dos seus poetas. Xa é significativo que reproduza textos dos catro máis representativos do XIX: Rosalía, Curros, Pondal e Lamas Carvajal.

No ano 1942 eu tiña trece anos e asistía á escola pública de Ventosela (o Ribeiro de Miño) onde *Anaquiños* non figuraba entre os nosos libros de lectura. Recordo dous ben distintos: *España, mi patria* e *Laureados 18 de julio de 1936*, libro este escrito por Antonio de Obregón e Álvaro Cunqueiro e ilustrado eficazmente por

coñecidos debuxantes da época. Titulábanse os capítulos: Francisco Franco, General Moscardó, Sexta Bandera de la Legión, Gran Visir Muley Hassán, General Mola... En "lecturas", os alumnos da miña escola non tivemos sorte, a pouca sorte que depa-raban as bibliotecas escolares daqueles míseros anos. De estar "de texto" *Anaquinhos*, e non o libro do que era coautor Cunqueiro, eu adquiriría unha cultura en cousas, feitos e personalidades de Galicia totalmente ausentes de *Laureados*. Fóra disto, o libro de Fernández Novoa, polo feito de acoller textos en galego (algúns, literariamente, moi valiosos), levaría ó meu ánimo e ó dos meus colegas a idea de que a nosa lingua non era tan desestimable e que mesmo era merecente do prestixio que confire a unha lingua B a letra impresa.

Debo precisar que en *Laureados*, no capítulo titulado "La Virgen de la Cabeza", figuran dous versos en galego, de Afonso X: "A Santa Virxe baixou / non soupo persón cal fou". Mal transcritos, son unha pingada naquel océano de prosa militarista e fascistoide. Tal libro foi autorizado e recomendado para as escolas primarias por "su contenido altamente patriótico y de gran ejemplo y estímulo" (Orde do Ministerio de Educación Nacional, 6-11-1939).

### 3. NOCIONES DE LENGUAJE. VOCABULARIO GALLEGO-ESPAÑOL, 1942

#### 3.1. NOTA PRELIMINAR

Este libro de texto hai anos que vén

reclamando un estudo dos lingüistas e, aínda máis, dos pedagogos, dos historia-dores da educación. Nos nosos medios eruditos conta, cando menos, desde 1963, data na que expuxemos un exemplar na mostra *Cen anos de literatura galega* (Lugo, Círculo das Artes). Ó ano seguinte, os organizadores da mostra, Epifanio Ramos de Castro e mais eu, publicamos o Catálogo homónimo<sup>6</sup>, catálogo que na súa ficha consigna estes datos:

Porcel y Riera, M. — Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español..., Palma de Mallorca, Tipografía Porcel, 1942.

Bastantes anos despois, a ficha suscitou interese no profesor Antón Costa Rico, que cita o Vocabulario, nesta edición, nun traballo seu feito en colaboración con Manuel Bragado Rodríguez<sup>7</sup>.

Confeso que, naquela ocasión (1963), non examinei o significado deste Vocabulario bilingüe; tampouco lembro hoxe que bibliófilo lugués nos deixou o libro para que figurase na Mostra. Pasaron anos, bastantes, ata que me fixen cun exemplar nunha librería de vello en Vigo (¿1998?) exemplar que non pertence á edición de 1942 senón á seguinte, de 1947, pero o texto non varía nin sequera nas grallas, que non son poucas.

#### 3.2. DO AUTOR, QUE É O EDITOR: M(IQUEL) PORCEL RIERA

Pedagogo moi coñecido, naceu en Manacor (Mallorca) no ano 1869 e fale-

6 *Cen anos de literatura galega*, Lugo, Círculo de las Artes, 1964.

7 "El libro escolar en gallego", en *Historia ilustrada del libro escolar en España. De la posguerra a la reforma educativa*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1998, p. 495.


ceu en Barcelona no ano 1933. Estudou na Escola de Maxisterio de Palma, ampliou estudos en Suecia e foi rexente da Anexa da Escola de Maxisterio balear, onde implantou o método activista. Nesta cuestión céntrase o estudo de Antoni J. Colom Cañellas titulado *D. Miquel Porcel Riera i els inicis de l'activisme escolar a Mallorca*<sup>8</sup>.

Desde 1895 publicou un gran número de libros de texto para o Ensino Primario, todos eles moi reeditados e algúns moi presentes en países hispanoamericanos. (En 1909 o Goberno de Ecuador outorgoulle unha distinción de honra pola eficacia pedagóxica dos seus libros). A nós interésannos os que escribiu para o "grado preparatorio", que son os que acollen o Vocabulario bilingüe que convoca —e incita— a nosa atención<sup>9</sup>. Deses libros fixo edicións especiais para as Baleares, Cataluña, País Vasco, Galicia e o Marrocos español, que ofrecían vocabularios mallorquino-castelán, catalán-castelán, euskera-catalán, galego-castelán e árabe-castelán.

Quen teña algunha familiaridade coa inxente bibliografía pedagóxica de Porcel Riera, sospeitará axiña que estamos ante un autor de libros non sempre escritos, na súa totalidade, por el. Hai materias ou capítulos nos que, por forza, tivo que contar coa colaboración de persoas do seu contorno familiar ou profesional. Sen dúbida foi así nos Vocabularios, agás no mallorquino e, quizais, no catalán. De feito, para moitos, Porcel, máis ca un autor, é un editor, unha editorial.

8 Palma de Mallorca, Centre d'Estudis "Gabriel Alomar", 1984.

9 Habería que consultar os manuais do "grado elemental", do "grado medio" e do "grado superior" para sabermos se nestes graos Porcel Riera acolle os vocabularios bilingües. *Vid.*, de todos os xeitos, a minuciosa *Historia de la lingüística catalana (1775-1900)*. *Repertori crític* (vol. II, pp. 1667-69) de Marcet i Salom e Joan Solà (Eumo Editorial-Universitat de Girona-Universitat de Vic, 1998).



*O vocabulario gallego-español, por M. Porcel y Riera, 1942.*

### 3.3. O "VOCABULARIO GALLEGO-ESPAÑOL": UNHAS CANTAS OBSERVACIÓNS

Non é un Vocabulario breve. Consta de 665 palabras, organizadas en 40 capítulos, que o autor denomina "lección 1.ª", "lección 2.ª", etc. con cadanseu título: "El cuerpo humano", "El vestido", "La casa", "Escuela", "Cualidades"... Este criterio



clasificadorio é o que observei noutros Vocabularios, por exemplo, no catalán.

Ofrecemos o "Vocabulario gallego-español", en facsímile, ó final do traballo.

As persoas afeitas a leren en galego corraxirán sen maior esforzo as grallas, que non son moi poucas. Pénsese que redactou este capítulo quen, moi probablemente, non sabía galego, e, en calquera caso, o capítulo foi impreso nun obradoiro alleo á nosa lingua. Velaquí algunhas grallas: "martelo" (por *mantelo*), "nox" (por *noz*), "tonciño" (por *touciño*), "quimo" (por *quino*), "reduldar" (por *rebuldar*), "celvar" (por *ceibar*), "pompa" (por *pomba*), "loauza" (por *loanza*), "arco de velle" (por *arco da vella*), "deirar" (por *deitar*), "casuda" (por *casuda*)... Hai menos grallas na columna do castelán, pero hai algunhas: "saltar" (por *soltar*, que traduce "ceibar"), "copilla" (por *capilla*, que traduce "capela")... É lícito sospeitar que Porcel Riera tiña un correspondente en Galicia que lle enviaba fichas manuscritas nas que o "n" se confundía co "u" (por citar unha das grallas máis frecuentes). Non sabemos se Porcel tivo, en Palma, un informador galego, o que explicaría mala dicción ou mala audición en voces como "curucha" (por *curuxa*) e "lonche" (por *lonxe*). Hoxe por hoxe ignoramos as fontes lexicográficas nas que, directa ou indirectamente, bebeu Porcel Riera. O Vocabulario —quede ben claro—, ademais de extenso, contén voces representativas das correspondentes áreas temáticas e non está alleo a vocábulos significativos da literatura galega

anterior a 1936.

O lector do facsímile decatárase de que en cada "lección" do Vocabulario hai dous bloques: un constituído por voces en "letra grande", e o outro por voces en letra menor. O primeiro sería obxecto de estudo no primeiro curso, e, xa no segundo, o alumno aprendería os dous bloques léxicos.

O "Vocabulario gallego-español" co que eu traballo corresponde á "octava edición", de 1947, que coincide, totalmente, coa edición de 1942, que é a sétima<sup>10</sup>. O "Vocabulario" que manexo é un fascículo dun volume facticio que, como tal, consigna, na portada (non na cuberta), a data de 1948. Os fascículos amosan estas non coincidencias cronolóxicas: "Dibujo" (1949), "Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español" (1947). Era norma habitual de Porcel Riera, primeiro, e logo da Editorial Porcel ofrecer este tipo de volumes facticios. O que manexamos contén dúas follas co título "Una fecha y dos biografías" nas que a editorial alecciona sobre "El 18 de julio", "El Generalísimo Franco" e "José Antonio Primo de Rivera". Estas catro páxinas, noutros caracteres de imprenta, son a "morcilla" política que houbo que intercalar para que o franquismo autorizase estes manuais escolares, concibidos e redactados antes —moito antes— de 1936<sup>11</sup>. Sábese que en 1939 os textos de Porcel foron desautorizados, pero tamén sabemos que a editorial non tardou en reeditaer os seus libros coa aprobación ministerial correspondente.

10 Habería que procurar as seis edicións precedentes, traballo bibliográfico non moi doado.

11 Quen examine o texto de todos os fascículos en todas as súas edicións, quizais atope, en determinadas materias, modificacións ou supresións nos publicados despois de 1936.

### 3.4. O "VOCABULARIO GALLEGO-ESPAÑOL" E O CRITERIO POLÍTICO DAS AUTORIDADES FRANQUISTAS

Este "Vocabulario" funciona, dentro da Enciclopedia Porcel, como un instrumento para que os nenos das escolas galegas máis ou menos alleos ó castelán aprendan este idioma. De feito, no medio rural galego, eran moitos os escolares que non sabían cómo dicir en castelán "puch", "alpendre", "trepia", "eido", "enfiar", "acedo", "finchado", "enxebre", "resésego", "lambón", "nugallán", "baldreu", "valuro", "petar", "ningures", "nogueira", "sabugueiro", "bidueiro", "péxe-go", "feixe", "lentura", "cuxo", "bácoro", "morcego", "rula", "laverca", "moucho", "andoriña", "lamáchea", "píntega", "raxo", "feluxe", "ichó", "subela", "azo", "lóstrego", etc., etc., etc. Así funcionou nas edicións anteriores a 1936, aínda que Porcel Riera non fose partidario de que as linguas españolas non oficiais esmorecesen. (Sabemos que en 1899 se pronunciou, por motivos didácticos, en favor do ensino na lingua materna). O "Vocabulario" nas edicións posteriores (1942, 1947) funciona como instrumento de castelani-zación e así o entenderon os pedagogos franquistas que, á hora da súa publicación, non disuadiron ás autoridades educativas.

Autorizado o Vocabulario, os políticos franquistas entendían que servían á causa do espallamento ou da consolidación do "español", sen que ese servizo implicase suscitar ningún tipo de simpatía

ou adhesión ó "dialecto". Neses anos, son nulas ou irrelevantes as manifestacións dentro da escola, con ou sen Vocabulario, en favor da causa do "dialecto". Os mestres desta condición foron expulsados ou estaban atemorizados. O Vocabulario bilingüe funcionaba nunha escola onde a doutrina lingüística oficial era a que explicitaba con meridiana claridade o *Catecismo patriótico español*, declarado libro de texto para o Ensino Primario o 1 de marzo de 1939<sup>12</sup>. Repare o lector na "doutrina":

— ¿Se hablan en España otras lenguas más que la castellana?

— Puede decirse que en España se habla solo la lengua castellana, pues aparte de esta, tan solo se habla el vascuence, que, como lengua única, solo se emplea en algunos caseríos vascos y quedó reducido a funciones de dialecto por su pobreza lingüística y filológica.

— ¿Y cuáles son los dialectos principales que se hablan en España?

— Los dialectos principales que se hablan en España son cuatro: el catalán, el valenciano, el mallorquín y el gallego (p. 40).

O que eu falaba coa miña xente en Ventosela, era un "dialecto", termo que eu percibía con música pexorativa. Agora ben, o que, en Ventosela, se me ensinaba na escola era unha lingua, termo que eu percibía con música meliorativa. Naquelas coordenadas era imposible non sentirse un pouco engaiolados pola música, pola fonética e polo predicamento do

12 Deste libro, moitas veces reimpresso, hai unha edición recente con documentado prólogo de Hilari Ragner (Barcelona, Ediciones Península, 2003).

idioma castelán. Supoño que esta fascinación era maior nas escolas onde se tiña como libro de lectura o *Catecismo patriótico español*, que non foi o meu caso. Na mesma páxina que veño de citar figura este diálogo:

— ¿Por qué decís que la lengua castellana será la lengua de la civilización en lo futuro?

— La lengua castellana será la lengua de la civilización en lo futuro porque el inglés y el francés, que con ella pudieran compartir esta función, son lenguas tan gastadas que van camino de una disolución completa.

Nunha escola gobernada por estes criterios filolóxicos, ante os que os falantes de "dialectos" estabamos inermes, o "Vocabulario gallego-español" era un instrumento máis de castelanización. Deste xeito, os alumnos das aldeas remotas que xa soletreaban o castelán posuían un vademécum corrector para dicir "nogal" e non *nogueira*, "haz" e non *feixe*, "golondrina" e non *andoriña*, "relámpago" e non *lóstrego*, "perezoso" e non *nugallán*...


Non obstante, estes instrumentos, en ocasións, poden ser armas de dous fíos. Para o rapaz da aldea que eu era, ver o galego na letra impresa conferiríalle unha certa condición positiva, o que, sen dúbida, lles aconteceu a algúns escolares da época coas páxinas galegas de *Anaquinhos*. Para min, e para moitos coma min, o "Vocabulario" faríanos coñecer palabras

galegas alleas á nosa comarca e, sobre todo, permitiríanos saber que, en ocasións, o noso galego non era o verdadeiro galego, o galego do libro: eu dicía "rodillas" e non *xionllos*, "atrio" e non *adro*, "isla" e non *illa*, "laguna" e non *lagoa*, "polvo" e non *po*, "cascabel" e non *axóuxere*, "gallego" e non *galego*, "pueblo" e non *pobo*, "limosna" e non *esmola*, "niebla" e non *néboa*, "jueves" e non *xoves*, "luna" e non *lúa*, "quinientos" e non *cincocentos*, "luto" e non *loito*... Na miña nenez, e na miña parroquia, estes castelanismos estaban consolidados na fala das andainas novas. Así pois, ós rapaces inquisitivos, a lectura destas parellas levaríaos a pensar que o seu galego, aínda sentíndoo como "dialecto", non era o galego verdadeiro, o bo galego. O "Vocabulario", por conseguinte, sen deixar de ser un instrumento de castelanización, introduce no espírito dos escolares preguntas e preocupacións nas que, quizais, non pensaron as autoridades educativas do Réxime de Franco.

### 3.5. MÁIS SOBRE O VOCABULARIO BILINGÜE DE PORCEL RIERA

Que eu saiba ningún estudoso se ten pronunciado sobre a presenza do "Vocabulario euskera-español", "catalán-español" e "mallorquín-español" nas súas respectivas áreas na Era de Franco. Non o citan os especialistas que colaboran na magna *Historia ilustrada del libro escolar en España. De la posguerra a la reforma educativa* (1998)<sup>13</sup>.

13 Refírome a dous traballos: o de Josep González-Agápito e Salomó Marqués i Sureda (sobre o libro escolar en catalán) e o de Paulí Dávila Balsera e Lore Erriondo Korostola (sobre os libros de texto en euskera).



*Ensinando a ler na escola. Miniatura medieval*


Nestes dous estudos, non se fai a menor referencia a aqueles libros que, estando en castelán e defendendo o unitarismo, ofrecen, aquí e alí, textos en catalán ou en euskera, sobre todo en verso. Imponse pensar que experiencias pedagóxicas como a de *Ana-quiños* (1942) non escasearon noutras áreas, especialmente nas de lingua catalá.

#### 4. DESPOIS


En 1958 o Lar Galego de Caracas premiou un libro insólito: *Enciclopedia pró neno galego*. Nas súas 522 páxinas contén: "Prólogo. Formación do mundo. Xeografía descriptiva. Galicia. Historia. Apéndice: Hixiene". Aínda está inédito.

A autora, Antía Cal, contou coa colaboración do seu home, o doutor Antón Beiras, ilustre oftalmólogo (o inventor do "vigoscopio" para curar o estrabismo). Ademais de colaborador, foi, creo, inspirador desta obra que, escrita en pleno franquismo, non tivo ningún tipo de presenza nas escolas galegas da época, pero, como Antía Cal foi directora e fundadora (1961) do Colexio Rosalía Castro en Vigo, o espírito da súa Enciclopedia estivo presente, dun xeito ou doutro, nas aulas daquel famoso centro. Na mostra luguesa *Cen anos de literatura galega* (1963) amosamos este inédito na sección "O galego e o ensino", inédito consignado no *Catálogo*, de 1964, na ficha 390.









<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Alpendre . . . . .	Cobertizo
Adro . . . . .	Atrio
Acea . . . . .	Molino de agua
Lumiar . . . . .	Dintel de la puerta
Trepia . . . . .	Trébedes
Pitón . . . . .	Pestillo
Chamizo . . . . .	Leño medio quemado
Eido . . . . .	Terreno junto a la casa
Charamusca . . . . .	Chispa
Esqueiro . . . . .	Escalerilla
LECCIÓN 4. <sup>a</sup>	
ESCUELA. -- NOMBRES	
Alfinete . . . . .	Alfiler
Agulla . . . . .	Aguja
Encaixe . . . . .	Encaje
Agulleiro . . . . .	Alfiletero
Madeixa . . . . .	Madeja
Suxecto . . . . .	Sujetado
Enfiar . . . . .	Enhebrar
Encolo . . . . .	Sobre
Ensiñar . . . . .	Enseñar
Xan, Xuán . . . . .	Juan
Maruxa, Marica . . . . .	María
Chinto . . . . .	Jacinto
Xosé . . . . .	José
Fuco, Farruco . . . . .	Francisco
Martiño . . . . .	Martín
Xurxo, Xorge . . . . .	Jorge
Mingos . . . . .	Domingo
Bleito . . . . .	Benito
Xulián . . . . .	Julián
Locaia . . . . .	Leocadia
Xeromo . . . . .	Jerónimo



— 5 —

**LECCIÓN 5.<sup>a</sup>**  
**CUALIDADES**

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Lonxano . . . . .	Alejado
Silandeiro . . . . .	Silencioso
Malpocado . . . . .	Desdichado
Esperto . . . . .	Despierto
Roxo . . . . .	Rubio, rojo
Turdio . . . . .	Traidor, malo
Rouco . . . . .	Ronco
Tépido . . . . .	Tibio
Cór . . . . .	Color
Acedo . . . . .	Agrio
Crecho . . . . .	Rizado
Pequeno . . . . .	Pequeño
Finchado . . . . .	Vano, presumido
Ventureiro . . . . .	Feliz, dichoso
Vello . . . . .	Viejo
Degoirador . . . . .	Impaciente
Enxebre . . . . .	Puro, sin mancha
Resésego . . . . .	Antiguo, pasado
Maino . . . . .	Suave, tranquilo

**LECCIÓN 6.<sup>a</sup>**  
**LAS PERSONAS**

Ralea . . . . .	Casta, familia
Xenro . . . . .	Yerno
Afillado . . . . .	Ahijado
Dono . . . . .	Amo, dueño
Sogro . . . . .	Suegro
Vedraño . . . . .	Anciano
Padroeiro . . . . .	Patrono
Picaro . . . . .	Rapazuelo
Doudo . . . . .	Tonto, loco
Andexo . . . . .	Mozo

— 6 —	
<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Lambón . . . . .	Goloso
Nugallán . . . . .	Perezoso
Famento . . . . .	Hambriento
Alguen. . . . .	Alguna persona
Rapariga . . . . .	Moza joven
Nora . . . . .	Nuera
Baldreu . . . . .	Persona sucia
Anciania . . . . .	Ancianidad
Escravitude . . . . .	Esclavitud
Adade . . . . .	Edad
Dona . . . . .	Dama, señora
LECCIÓN 7. <sup>a</sup>	
ACTOS	
Pedreiro . . . . .	Picapedrero
Facedor . . . . .	Autor, hacedor
Empregar . . . . .	Emplear
Mester . . . . .	Menester
Porteiro . . . . .	Portero
Valuro . . . . .	Usurero
Fogaxe . . . . .	Brio, fuerzas
Delixar . . . . .	Delinear
Imprentar . . . . .	Imprimir
Tinxir . . . . .	Teñir
Embrullar . . . . .	Envolver, cubrir
Quiñón. . . . .	Parte en una ganancia
Asolarse . . . . .	Ajarse, destruirse
Chá . . . . .	Cosa llana
Desacochar . . . . .	Desenganchar
Petar . . . . .	Llamar a golpes
Chafallar . . . . .	Hacer mal algo
Rabenar . . . . .	Cercenar, cortar
Rachar . . . . .	Rasgar, rajar
Sair . . . . .	Salir
Alumar . . . . .	Alumbrar, iluminar

— 7 —

LECCIÓN 8.<sup>a</sup>  
ADVERBIOS

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Sempre . . . . .	Siempre
Redor . . . . .	Contorno
Onde . . . . .	Donde
Non . . . . .	No
Ningures . . . . .	Ninguna parte
Pois . . . . .	Pues
Nantrotre . . . . .	Anteayer
Dempois. . . . .	Despues
Ninguen . . . . .	Ningun
Dendes . . . . .	Desde
Lonche. . . . .	Lejos
Cedo . . . . .	Pronto, temprano
Preto . . . . .	Cerca de
Onte . . . . .	Ayer
Enriba . . . . .	Arriba
Embaixo . . . . .	Abajo
LECCIÓN 9. <sup>a</sup> LA TIERRA	
Val . . . . .	Valle
Beira . . . . .	Margen, orilla
Chan . . . . .	Llano
Chao . . . . .	Suelo
Con . . . . .	Peñasco
Campelo. . . . .	Campo reducido
Terreo . . . . .	Terreno
Camposa . . . . .	Campo grande y llano

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Terra	Tierra
Souto	Terreno bajo, soto
Ramallera	Matorral
Enfesia	Altura
Longor	Longitud, largo
Illa	Isla
Horta	Huerta
Outo	Alto, mole

LECCIÓN 10  
EL AGUA

Auga	Agua
Regueiro	Arroyo
Pinga	Gota
Lagoa	Laguna
Enxoito	Enjuto
Bulleiro	Pantano
Corgo	Pozo, estanque para enriar
Cadoiro	Cascada

Humidade	Humedad
Fonte	Puente
Orela	Orilla
Cano	Caño
Ribeira	Orilla del mar o río
Canle	Canal
Boligar	Bullir el agua, burbujar
Arriada	Inundación

— 9 —

LECCIÓN 11

ACCIONES

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Tér . . . . .	Tener
Tallar . . . . .	Cortar
Suxeitar . . . . .	Sujetar
Semellar . . . . .	Semejar
Reduldar . . . . .	Enredar, retozar
Sobexar . . . . .	Sobrar
Engruñarse . . . . .	Encogerse
Resoar . . . . .	Resonar
Peliscar . . . . .	Pellicar
Alcumar . . . . .	Poner motes
Resurxir . . . . .	Resucitar
Xacer . . . . .	Yacer
Quentar . . . . .	Calentar
Voltar . . . . .	Rodear, repetir la vuelta
Pendurar . . . . .	Colgar
Tornar . . . . .	Separar
Tirar . . . . .	Quitar, sacar
Rexurdir . . . . .	Resurgir
Desalugar . . . . .	Desaiquilar
Escomenzar . . . . .	Comenzar

LECCIÓN 12

ARBOLZ

Arbre . . . . .	Arbol
Maceiro . . . . .	Manzano
Laranxeiro . . . . .	Naranjo
Figueira . . . . .	Higuera
Piñeiro . . . . .	Pino
Oliveira . . . . .	Olivo
Figo . . . . .	Higo
Piñeiral . . . . .	Pinar

— 10 —

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
A nogueira . . . . .	El nogal
Toxo . . . . .	Tojo
Sobreira . . . . .	Alcornoque
Sabugueiro . . . . .	Sauce blanco
Buxo . . . . .	Boj
Bidueiro . . . . .	Abedul
Cerdeiro . . . . .	Cerezo
Castiñeiro . . . . .	Castaño

**LECCIÓN 13**  
**FRUTAS**

Nox . . . . .	Nuez
Aveleira . . . . .	Avellana
Froito . . . . .	Fruto
Mazá Mazán . . . . .	Manzana
Cereixa . . . . .	Cereza
Frolta . . . . .	Fruta
Cirola . . . . .	Ciuela
Péxego . . . . .	Albérchigo

Amora . . . . .	Mora de zarza
Barburiñas . . . . .	Peras
Cabazo . . . . .	Calabazo
Seara . . . . .	Miés verde
Outóner . . . . .	No madurar las frutas
Caravel . . . . .	Clavel
Leixós, frixoles . . . . .	Frijoles
Croque . . . . .	Albaricoque
Xireizas . . . . .	Cerezas

— 11 —

LECCIÓN 14

EL CAMPO

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Anada . . . . .	Cosecha
Feixe . . . . .	Haz
Eira . . . . .	Era
Semear . . . . .	Sembrar
Leira . . . . .	Heredar
Secura . . . . .	Sequedad
Besta . . . . .	Bestia
Seitura . . . . .	Siega
Ferrar . . . . .	Herrar
Lentura . . . . .	Sazón en la tierra
Debullar . . . . .	Desgranar
Depenar . . . . .	Desplumar, descascarar
Sachar . . . . .	Cavar
Tulla . . . . .	Arca para grano
Escorrentar . . . . .	Espantar a los animales
Arremuiñar . . . . .	Arremolinar
Sucre . . . . .	Azúcar
Mantenza . . . . .	Alimento
Millo . . . . .	Mijo
Prebe . . . . .	Salsa, caldo de los guisos
Tortela . . . . .	Tortilla
Mundo . . . . .	Molido
Córdia . . . . .	Corteza del pan
Centeo . . . . .	Centeno

-- 12 --

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Frangullar . . . . .	Hacer migas
Codeo . . . . .	Mendruco
Condumio . . . . .	Manjar con pan
Despinacar . . . . .	Comer grano a grano
Avea . . . . .	Avena
Albeiro . . . . .	Pan blanco
Misturar . . . . .	Mezclar
Malzo . . . . .	Maíz

**LECCION 16**

**ANIMALES**

Cuxo . . . . .	Ternero
Ovelia . . . . .	Oveja
Can . . . . .	Perro
Gado . . . . .	Ganado vacuno
Coello . . . . .	Conejo
Bácoro . . . . .	Lechoncillo
Touro . . . . .	Toro
Tonciño . . . . .	Tocino

Tenreira . . . . .	Ternera
Rato . . . . .	Ratón
Toupa . . . . .	Topo
Urso . . . . .	Oso
Cucho . . . . .	Cerdo
Morcego . . . . .	Murciélago
Poldro . . . . .	Potro
Animá . . . . .	Animal



— 13 —

LECCIÓN 17

ANIMALES

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Páxaro . . . . .	Pájaro
Zura . . . . .	Paloma mansa
Quimo . . . . .	Cerdo
Melro. . . . .	Mirlo
Rula . . . . .	Tórtola
Galo . . . . .	Gallo
Laberca . . . . .	Alondra
Pola . . . . .	Gallina joven
Gaivota . . . . .	Gaviota
Galiña. . . . .	Gallina
Moucho . . . . .	Mochuelo
Calandre . . . . .	Calandria
Curucha . . . . .	Lechuza
Choca . . . . .	Clueca
Butre . . . . .	Buitre
Anduriña. . . . .	Golondrina

LECCIÓN 18

ANIMALES

Peixe . . . . .	Pez
Sardiña . . . . .	Sardina
Rá. . . . .	Rana
Buguina . . . . .	Caracol marino
Cobra . . . . .	Culebra
Lamáchega. . . . .	Babosa
Serpe. . . . .	Serpiente
Sapo concho . . . . .	Tortuga

— 14 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Pintega . . . . .	Salamandra
Trolta . . . . .	Trucha
Pateiro . . . . .	Centolla, araña de mar
Balea . . . . .	Ballena
Anguia . . . . .	Anguila
Raxo . . . . .	Lomo de cerdo
Aniñar . . . . .	Anidar
Maduridade . . . . .	Madurez

LECCIÓN 19

ACCIONES

Amostrar . . . . .	Enseñar
Deixar . . . . .	Dejar
Grebar . . . . .	Romper, quebrar
Compór . . . . .	Componer
Ceivar . . . . .	Saltar, desatar
Cangar . . . . .	Cargar
Ventar . . . . .	Sospechar
Traballar . . . . .	Trabajar
Tripar . . . . .	Pisar
Trabucar . . . . .	Equivocar
Bexar . . . . .	Besar
Termar . . . . .	Aguantar
Amortecer . . . . .	Amortiguar
Espilir . . . . .	Despabilar
Apouvir . . . . .	Azotar
Arroubar . . . . .	Robar

— 15 —

LECCION 20  
INSECTOS, ETC.

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Abella . . . . .	Abeja
Enxame . . . . .	Enjambre
Casuda . . . . .	Cucaracha
Avelaiña . . . . .	Mariposa
Miñoca . . . . .	Lombriz de tierra
Néspera . . . . .	Avispa
Lesma . . . . .	Babosa, limaco
Forniga . . . . .	Hormiga
Verme . . . . .	Gusano
Lombriga . . . . .	Lombriz
Volvoreta . . . . .	Mariposa
Peira . . . . .	Perla
Abellón . . . . .	Abeja silvestre
Griño . . . . .	Grillo
Saltón . . . . .	Langosta
Escarabeto . . . . .	Escarabajo

LECCIÓN 21  
COSAS ANIMALES

Manchea . . . . .	Manada
Poleiro . . . . .	Gallinero
Fuciño . . . . .	Hocico
Pompa . . . . .	Paloma
Fera . . . . .	Fiera
Pouta . . . . .	Garra, mano
Peteiro . . . . .	Pico de ave
Niño . . . . .	Nido

— 16 —

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Nacre . . . . .	Nácar
Zanca . . . . .	Pierna larga
Pescozo . . . . .	Pescuezo
Fel . . . . .	Hiel
Soro . . . . .	Suero
Sangue . . . . .	Sangre
Serea . . . . .	Sirena
Pombar . . . . .	Palomar

**LECCIÓN 22**  
**COSAS VEGETALES**

Folla . . . . .	Hoja
Fortiza . . . . .	Corcho
Ceno . . . . .	Heno
Azucra . . . . .	Azúcar
Feluxe . . . . .	Hollín
Puga . . . . .	Púa
Pola . . . . .	Rama de árbol
Palla . . . . .	Paja
Pampillal . . . . .	Viñedo
Xema . . . . .	Yema
Semente . . . . .	Semilla
Vidra . . . . .	Sarmiento
Seare . . . . .	Miés verde
Frol . . . . .	Flor
Piñeiral . . . . .	Pinar
Madurazón . . . . .	Madurez
Faisca . . . . .	Ceniza ligera



— 18 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Foliada . . . . .	Fiesta en el campo
Pandeiro . . . . .	Pandero
Axouxere . . . . .	Cascabel
Zanfona . . . . .	Piano de manubrio
Xolda . . . . .	Jira, diversión
Verba . . . . .	Charla, labia
Rir . . . . .	Reir
Folganza . . . . .	Ocio, descanso


**LECCIÓN 25**

**ARMAS**

Pao . . . . .	Palo
Pértega . . . . .	Vara
Esposa . . . . .	Espuela
Baiña . . . . .	Vaina
Castro . . . . .	Castillo
Rateira . . . . .	Ratonera
Cuitelo . . . . .	Cuchillo
Espeto . . . . .	Palo aguzado

Fertuna . . . . .	Fortuna
Balbor. . . . .	Fragor, ruído lejano
Combater. . . . .	Combatir
Zona . . . . .	Fama
Rabear. . . . .	Rabiar
Feitio . . . . .	Cosas de igual natura- leza
Render . . . . .	Vencer, rendir
Baraúnda. . . . .	Confusión, ruído



— 20 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Fuso	Huso
Novelo	Ovillo
Veo	Manubrio
Tixeira	Tijeras
Tear	Telar
Subela	Lezna
Taravelo	Clavija de madera
Taboa	Tabla
<b>LECCIÓN 28</b>	
<b>GOBIERNO</b>	
Costume	Costumbre
Dereito	Derecho
Extranxeiro	Extranjero
Mouro	Moro
Castelán	Castellano
Galiza	Galicia
Galego	Gallego
Fita	Hito, mojón
Rexidor	Concejal
Concello	Ayuntamiento
Garelo	Mozo de Betanzos
Vila	Villa, pueblo
Vigairo	Autoridad en el pueblo
Trabuco	Impuesto, contribución
Nobre	Noble
O pobo	El pueblo



— 21 —

LECCIÓN 29

LA CIUDAD

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Cidade	Ciudad
Rúa	Calle
Praza	Plaza
Cárcere	Cárcel
Casal	Caserio
Moimento	Monumento
Lixo	Inmundicia
Fiada	Velada para hilar
Pousada	Posada
Xornal	Periódico, diario
Podente	Rico
Cimiteiro	Cementerio
Cabaleiro	Caballero
Gresca	Riña, algazara
Troula	Engaño, mentira
Revolta	Alboroto

LECCIÓN 30

EL ESPÍRITU

Esprito	Espiritu
Toleria	Locura
Cachola	Entendimiento, ca- beza
Dúbida	Duda
Azo	Deseo, ánimo
Ledicia	Alegria
Pacencia	Paciencia
Eleito	Efecto

— 22 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Sise . . . . .	Juicio, seso
Relembro . . . . .	Recuerdo
Comparanza . . . . .	Comparación
Laudes . . . . .	Alabanzas
Ribés . . . . .	Contrariedad, revés
Destempero . . . . .	Disparate
Desiño . . . . .	Designio
Medoñento . . . . .	Miedoso


**LECCIÓN 31**

**COSAS DE LA IGLESIA**

Deus . . . . .	Dios
Crego . . . . .	Clérigo
Capela . . . . .	Copilla
Eigresia . . . . .	Iglesia
Milagre . . . . .	Milagro
Leigo . . . . .	Lego
Frade . . . . .	Fraile
Gloria . . . . .	Gloria

Ceo . . . . .	Cielo
Virxe . . . . .	Virgen
Sino . . . . .	Campana
Candea . . . . .	Candela
Percesión . . . . .	Procesión
Mosteiro . . . . .	Monasterio
Cros . . . . .	Cruz
Orgao . . . . .	Organo
Enamigo . . . . .	Demonio



— 24 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Trebas . . . . .	Tinieblas
Minán . . . . .	Mañana
Saravia . . . . .	Granizo
Noite . . . . .	Noche
Neve . . . . .	Nieve
Vran . . . . .	Verano
Claror . . . . .	Claridad
Piniscar . . . . .	Lloviznar


LECCIÓN 34

EL UNIVERSO

O ceo . . . . .	El cielo
Cris . . . . .	Eclipse
Lunazón . . . . .	Mes lunar
Lus . . . . .	Lunes
Mércoles, carta feira . . . . .	Miércoles
Xoves, quinta feira . . . . .	Jueves
Vernes, sexta feira . . . . .	Viernes
Bris . . . . .	Brisa

Vento famento . . . . .	Viento, levante
Centilación . . . . .	Centelleo, brillo
Lus . . . . .	Luz
Rayola . . . . .	Rayo de sol
Luceiro . . . . .	Estrella
Lua . . . . .	Luna
O lume . . . . .	La luz
A còr . . . . .	El color



— 26 —

<i>Gallego</i>	<i>de Galicia</i>	<i>Español</i>
Marina		Terreno junto al mar
Tilla		Camarote de lancha
Xabre		Alga marina
Ancelo		Anzuelo
Rapeta		Aparejo de pesca
Courel		Borda de la barca
Barcaxe		Carga del buque
Serea		Precio del pasaje
		Serena
<b>LECCIÓN 37</b>		
<b>ACTOS CORPORALES</b>		
Apesta		Abrazo
Cear		Cenar
Couce		Coz
Grño		Grito
Calar		Callar
Chegar		Llegar
Cair		Caer
Choutar		Saltar, brincar
Sullar		Soplar
Soño		En sueño
Chorar		Llorar
Rabuñar		Arañar
Deirar		Acostar
Chamar		Llamar
Avalar		Mover, agitar
Laido		Lamento, quejido

— 27 —

LECCIÓN 38  
NÚMEROS

<i>Galego</i>	<i>Español</i>
Un, unha . . . . .	Un, una
Dous . . . . .	Dos
Catro . . . . .	Cuatro
Sete . . . . .	Siete
Oito . . . . .	Ocho
Nove . . . . .	Nueve
Dez . . . . .	Diez
Dazaseis. . . . .	Dieciseis
NÚMEROS DE 20 A 100	
Vinte . . . . .	Veinte
Trinta . . . . .	Treinta
Corenta . . . . .	Cuarenta
Cincoenta . . . . .	Cincuenta
Oitenta . . . . .	Ochenta
Cen. . . . .	Ciento
Cincocentos. . . . .	Quinientos
Un milleiro . . . . .	Un millar

LECCIÓN 39  
MALES

Quimeria . . . . .	Riña, pendencia
Tatexo . . . . .	Tartamudo
Falsetura . . . . .	Murmuración
Tirria . . . . .	Manía
Desfeita . . . . .	Derrota, ruina
Pezona . . . . .	Ponzoña
Doenza . . . . .	Enfermedad
Batala . . . . .	Batalla

— 28 —

<i>Gallego</i>	<i>Español</i>
Adoecer . . . . .	Enfermar
Empezoñar . . . . .	Envenenar
Eivar . . . . .	Tullir
Esmiolar . . . . .	Romper la cabeza
Esmoecer. . . . .	Desmayarse
Alorcar . . . . .	Ahorcar
Esganar . . . . .	Estrangular
Aldraxar . . . . .	Ultrajar, insultar
Deño . . . . .	Demonjo

LECCIÓN 40  
LA VIDA

Apetu . . . . .	Apretón cariñoso
Boletín . . . . .	Diario, periódico
Ponso . . . . .	Descanso
Campa . . . . .	Sepultura
Morte. . . . .	Muerte
Loito . . . . .	Luto
Nascencia . . . . .	Nacimiento
Noivo. . . . .	Novio, recién casado
Nado . . . . .	Nacido
Orixe . . . . .	Origen
Cadaleito. . . . .	Ataud
Sono . . . . .	Sueño
Nacer. . . . .	Nacer
Esvelluar. . . . .	Envejecer
Loucura . . . . .	Locura
Namais . . . . .	Nada más





Xesús ALONSO MONTERO: "A lingua galega nos libros de lectura da Escola Primaria nos primeiros anos do franquismo", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 107-147.

*Resumo:* Dentro do esquema monolítico e monolingüista da España de Franco nos seus primeiros anos interesa achegarse a tres libros de lectura dos que non está ausente o galego: *Galicia por la España nueva* (1937), *Anaquiños* (1942) e *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español*, de M. Porcel Riera (1942). Examínanse estas tres sorprendentes mostras e ofrécense datos (moitos inéditos) sobre os seus autores: Esther Gallo Lamas, M. Fernández Novoa e o citado Porcel Riera.

*Palabras chave:* Franquismo. Lecturas. Pedagogía "galeguista". Ensino galego. Bilingüismo. Lecturas galegas.

*Resumen:* Dentro del esquema monolítico y monolingüista de la España de Franco en sus primeros años interesa acercarse a tres libros de lectura de los que no está ausente el gallego: *Galicia por la España nueva* (1937), *Anaquiños* (1942) y *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español*, de M. Porcel Riera (1942). Se examinan estas tres sorprendentes muestras y se ofrecen datos (muchos inéditos) sobre sus autores: Esther Gallo Lamas, M. Fernández Novoa y el citado Porcel Riera.

*Palabras clave:* Franquismo. Lecturas. Pedagogía "galeguista". Enseñanza gallega. Bilingüismo. Lecturas gallegas.

*Summary:* Within the monolithic and monolingüistic scheme of the first years of Franco's regime in Spain it is interesting to approach three books used as reading material where Galician is not absent: *Galicia por la España nueva* (1937), *Anaquiños* (1942) and *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español* by M. Porcel Riera (1942). These three surprising samples are examined and data (many of them hitherto unpublished) on their authors are offered: Esther Gallo Lamas, M. Fernández Novoa and the aforementioned Porcel Riera.

*Key-words:* Franco's regime. Reading material. "Galeguista" pedagogy. Galician education. Bilingualism. Galician reading material.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 1-03-2004.

